

## HOMENAXE E ELEXIA A ALVARO CUNQUEIRO

LEMA: ese pumar de estrelas

### CASA DE CUNQUEIRO EN VIGO CON MAZÁS

Son alegres mazás no madureiro  
do rumoroso máxico druída,  
e o recendo a mazá madurecida  
define un territorio milagreiro.

Son as mazás alegres de Cunqueiro:  
mazás da maciñeira máis belida  
que viñan á cidade; luz traída  
doutros lugares que ama o sol primeiro.

Mazás da maciñeira de cristal  
que vira Bran, o fillo de Febal.  
Por elas vinteseite ó mar saían.

Mazás no madureiro de Cunqueiro,  
mais viñan de Emaín, polo seu cheiro.  
Coma tempo encorado recendían.

### SINBAD MARIÑEIRO

Señor Sinbad está cos seus amigos  
observando o peirao desde a varanda,  
e come gulusmeiro doces figos  
das figueiras sombrizas de Bolanda.

Señor Sinbad enxuga as comisuras  
da boca e narra historias largacías  
dalgunhas atrevidas singraduras  
deica as illas chamadas Cotovías.

Señor Sinbad suspende algún repente  
seu relato, quizais presa a memoria  
de augacións de esmeralda e de rubí,  
e agarda cabo del atentamente  
pra en latino galego pó-la historia  
Al-Faris ibn Iaquim al-Galizi.

## MERLIN EN MIRANDA

Na casa de Merlin, o ilustre vello,  
puidera ser que chegue compañía  
coma tal de arrieiros, e sería  
quizais un rei que vén catar consello.

Na casa de Merlin calquera día  
podes ver como o mundo se che agranda  
e ser que algúns viñeron a Miranda  
pra tomaren leccións de meigaría.

Na casa de Merlin, beira da estrada,  
haber hai unha máxica xanela,  
e o Felipe de Amancia axexa e vela  
se acaso vén alguén pedir pousada;

e apréndelle a cuspir (por bicar nela)  
caguñas de cereixas á Manuela.

e ese extraño lamento

do mítico Merlin,

BRAN QUE ERA DEUS

son, amigo xangai

que xa en terra se espocan.

Que ponte desde vigo a mondoñedo  
sexa o Bran que era deus --non o naviarca,  
senón aquel indómito monarca  
que de morto foi garda no penedo;

que ponte desde o mar á nosa casa  
natal sexa a vontade do regreso  
turbulenta e feroz, veneno preso  
no corazón que os ámagos abrasa;

que en mondoñedo ou Insua haxa un recanto  
onde agarden por nós algunhas leiras  
despois das aventuras mariñeiras  
que fixemos de amor e de quebranto,

e Bran séxanos ponte, ou a vontade  
de empata-la vellez coa mocidade.

MEMORIAS DE ALEXIA A ALVARO CUNQUEIRO

LEMA: ese pumar de estrelas

CUNQUEIRO EN MONDOVEDO (GO CON NAZAS)

Ese pumar de estrelas  
do teu corpo vencido  
e ese cheiro de velas  
do espírito durmido;

esa pedra vermella  
coma cárcere eterno  
e esa lareira vella  
co mol remol do inverno;

ese renxer das horas  
nas invernías crúas  
e esas voces cantoras  
de antigas fragas núas;

ese zoar do vento  
sen principio nin fin  
e ese estraño lamento  
do máxico Merlin,

son, amigo xangal  
que xa en terra as esperas,  
o preludio fatal  
doutras mil primaveras.

Señor Sinbad anuga as comixuras  
da boca e narra historias largarías  
de quinas a travidas e ingradas  
deica as illas chamadas Cotovias.

Señor Sinbad suspende algún repente  
seu relato, quizais preda a avaria  
de bagacins de avaricia e de tubi,

e agarda caba do statemente  
pra en latín contar a historia  
al-Farisi ibn Iaquib al-Qalili.